

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

BLOQUE 1 *Responde dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente)*

- 1.- Menciona unha vantaxe da localización das empresas en zonas de alta densidade comercial. (0,75 pts.)
- 2.- Cita os principais tipos de tributos. (0,75 pts.)
- 3.- ¿Que é o método do prezo medio ponderado? (0,75 pts.)
- 4.- ¿Que se entende por autofinanciamento? Señala algunha das súas vantaxes. (0,75 pts.)

BLOQUE 2 *Responde dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente)*

- 1.- ¿En que se diferencia un monopolio dun oligopolio? Pon algún exemplo de mercado oligopolista. (0,75 pts.)
- 2.- ¿Que se entende por produtividade media do traballo? Pon un exemplo de cómo se pode medir. (0,75 pts.)
- 3.- ¿En que consiste o principio de división do traballo? Ilustra a resposta cun exemplo. (0,75 pts.)
- 4.- ¿Que se entende por empresa multinacional? Pon algún exemplo. (0,75 pts.)

BLOQUE 3 *Responde unha das preguntas deste bloque*

- 1.- A empresa: concepto, obxectivos, elementos que a configuran e principais áreas de actividade. (2 pts.)
- 2.- Explica qué se entende por I+D e comenta as distintas formas de adquisición de tecnoloxía por parte das empresas. (2 pts.)

BLOQUE 4 *Resolve un dos problemas deste bloque*

- 1.- A empresa MOVILES S.A. ten os seguintes elementos patrimoniais a 31-12-2007 (valorados en unidades monetarias):

Elementos de transporte: 40.000
Terreos: 60.000
Amortización acumulada das construcións ata a data: 5.000
Débedas a curto prazo: 4.000
Débedas a longo prazo: 10.000
Mobiliario: 2.000
Edificios: 24.500
Provedores: 4.000
Clientes: 5.500
Mercadorías: 15.000
Capital: 99.500
Reservas: 27.000
Bancos: 2.500

Pídese:

- a) Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais. (1 pto.)
- b) Calcular as ratios de Tesouraría, Liquidez e Garantía [$T = (\text{dispoñible} + \text{realizable}) / \text{esixible a curto prazo}$; $L = (\text{dispoñible} + \text{realizable} + \text{existencias}) / \text{pasivo circulante}$; $G = \text{activo real} / \text{esixible total}$] (1 pto.)
- c) Interpretar os resultados do apartado anterior. (0,5 pts.)

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

2.- Unha empresa pode levar a cabo un dos dous proxectos que a continuación se indican cunha vida útil cada un deles de dous anos (valores en unidades monetarias).

Proxecto	Desembolso inicial	Pagamentos ano 1	Pagamentos ano 2	Cobramentos ano 1	Cobramentos ano 2
Proxecto 1	50.000	1.000	15.000	25.000	60.000
Proxecto 2	50.000	30.000	35.000	64.000	70.000

Pídese:

- Tendo en conta que o custo do diñeiro para a empresa é do 10%, calcular o Valor Actual Neto (VAN) de cada un dos proxectos. (1 pto.)
- Calcular o TIR para cada un dos dous proxectos. (1 pto.)
- Razoar cal dos dous investimentos é o máis conveniente. (0,5 ptos.)

BLOQUE 5 *Resolve un dos problemas deste bloque*

1.- A empresa STOCKSA, cunhas vendas anuais comprobadas de 10.000 unidades dun determinado produto, estima que para o seu bo funcionamento se require manter un stock de seguridade de 150 unidades. Sabendo que os custos fixos de pedido ascenden a 20 euros e os custos variables unitarios de mantemento das existencias en almacén son de 0,9 euros,

Pídese:

- Calcular o volume óptimo de pedido. (1 pto.)
- Calcular o custo total dos inventarios e o número de pedidos que se realizarán ao ano. (1 pto.)
- ¿Cal sería o valor do stock medio do almacén? Xustificar a resposta. (0,5 ptos.)

2.- Unha empresa que fabrica televisores de plasma soporta uns custos fixos de 50.000 euros e un custo variable unitario de 750 euros. O prezo de venda de cada televisor é de 1.000 euros.

Pídese:

- Determinar o punto morto e interpretar o significado do resultado obtido (1 pto.)
- Representar graficamente a situación anterior. (1 pto.)
- Se a empresa se vise obrigada a reducir o prezo dos televisores un 20% debido á competencia, ¿como se vería afectado o seu limiar de rendibilidade?. Razona a resposta. (0,5 ptos.)

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

BLOQUE 1 *Responde dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente)*

- 1.- ¿Cales son os signos distintivos dunha empresa? (0,75 pts.)
- 2.- Define os conceptos de custos directos e indirectos. (0,75 pts.)
- 3.- ¿Como se denomina aquela situación de mercado onde existe un número elevado de produtores e consumidores? (0,75 pts.)
- 4.- Cita tres fontes de financiamento externo da empresa a longo prazo. (0,75 pts.)

BLOQUE 2 *Responde dúas das preguntas deste bloque (Contéstense brevemente)*

- 1.- Indica a principal diferenza entre os métodos de valoración de existencias FIFO e LIFO. (0,75 pts.)
- 2.- ¿Que se entende por división do traballo? Menciona algunha das vantaxes da aplicación deste principio organizativo. (0,75 pts.)
- 3.- Explica brevemente qué é a suspensión de pagamentos. (0,75 pts.)
- 4.- Identifica os principais tipos de resultados que se distinguen na conta de perdas e ganancias. (0,75 pts.)

BLOQUE 3 *Responde unha das preguntas deste bloque*

1. - Estructuras básicas de organización empresarial: Concepto e tipos. (2 pts.)
2. - Identifica e explica en qué consisten as forzas competitivas de Porter. (2 pts.)

BLOQUE 4 *Resolve un dos problemas deste bloque*

1. - A sociedade TEMPO SA presenta a seguinte información correspondente aos exercicios 2006 e 2007 (en euros):

	Bancos c/c	Construcións	Débedas a curto prazo	Maquinaria	Provedores	Clientes	Mercadorías	Débedas a longo prazo
2006	30.000	180.000	45.000	14.000	22.000	45.000	70.000	60.000
2007	51.000	140.000	45.000	14.000	26.000	60.000	68.000	70.000

Pídese:

- a) Clasifica o balance en masas patrimoniais e calcula a cifra de capital para cada un dos exercicios. (1pto.)
- b) Calcula as ratios de liquidez e endebedamento para cada exercicio [RL = activo circulante/ esixible a curto prazo; RE = esixible total/fondos propios]. (1 pto.)
- c) Comenta a evolución da situación financeira da empresa a partir dos resultados obtidos das ratios anteriores. (0,5 pts.)

ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS

2.- A unha empresa do sector da construción preséntanselle dúas posibilidades de inversión (as cantidades están en miles de euros):

Investimentos	Desembolso inicial	Fluxo de caixa ano 1º	Fluxo de caixa ano 2º
A	800	500	1.000
B	850	500	500

A partir destes datos, pídese:

- Se o tipo de interese é do 10%, ¿que inversión se realizaría segundo o criterio do valor actual neto (VAN)? (1 pto.)
- Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) dos dous investimentos e explicar cál sería máis aconsellable.(1 pto.)
- Mencionar algún método diferente dos anteriores que permita seleccionar proxectos de investimento e aplicalo á Inversión A. (0,5 pts.)

BLOQUE 5 *Resolve un dos problemas deste bloque*

1.- No exercicio económico correspondente ao ano 2006 unha empresa fabricante de balóns de fútbol alcanzou unha produción de 352.000 unidades. No departamento de produción esta empresa conta cun cadro de persoal de 50 empregados. A xornada laboral diaria destes traballadores é de 8 horas e traballan 220 días ao ano. No exercicio seguinte o cadro de persoal reduciuse en 10 traballadores e a empresa obtivo unha produción de 422.400 unidades. Tendo en conta esta información,

Pídese:

- Calcular a produtividade media do traballo en cada un dos exercicios. (1 pto.)
- Determinar a taxa de variación da produtividade entre os dous exercicios. (1 pto.)
- Comentar o significado dos resultados dos apartados anteriores e mencionar algunha das razóns que poderían explicar a variación estimada da produtividade. (0,5 pts.)

2.- A empresa TDT SA que se dedica á fabricación de sintonizadores para captar o sinal da televisión dixital terrestre, ten previsto producir o ano que vén 200.000 sintonizadores que espera vender a un prezo de 125 euros unidade. Para fabricar os devanditos aparatos, soportará uns custos fixos de 200.000 euros e uns custos variables de 20.000.000 euros. Partindo destes datos, pídese:

- Calcular os custos totais, ingresos e beneficios que obtería a empresa se vende toda a produción prevista. (1 pto.)
- ¿A partir de que cantidade de sintonizadores a empresa comeza a obter beneficios? e ¿que nome recibe o devandito nivel de produción? (1 pto.)
- ¿En que custos incorrería a empresa se non producise nada? Razona a resposta. (0,5 pts.)